

**Asunto: O dereito de prelación do persoal seleccionado na OFOE**

Cronoloxía dos feitos

Por Resolución reitoral, o 31 de xuño de 2007, convocouse un proceso selectivo para contratar catro técnicos/as para a Oficina de orientación ao emprego (OFOE) da Universidade de Vigo. Con este fin constituíuse unha Comisión de avaliación que estivo formada por: Iván Area Carracedo, que actuou como presidente, Isabel Diéguez Castrillón, que actuou como secretaria, e Emilio Eguía López, Xosé Manuel García Vázquez e Carmen Serra Rodríguez que actuaron como vogais. Na última parte do proceso, a representante do Comité Intercentros, Carmen Serra, foi substituída por Manuel Velasco, membro tamén do órgano de representación do persoal laboral.

Unha vez realizada a valoración de méritos, e tras entrevistar as persoas que obtiveron máis de catro punto, a comisión elaborou unha lista na que aparecían ordenadas, por orden de puntuación, as candidatas que obtiveron máis de sete puntos.

Por medio da Resolución reitoral de 18 de setembro de 2007 fíxose pública a proposta de adjudicación das prazas, correspondendo estas as catro primeiras persoas que encabezaban unha lista de once.

Na primeira semana de outubro o servizo de Recursos humanos da Universidade chamou as candidatas seleccionada para que procederan a asinar os contratos. O día oito, do mesmo mes, a parte sindical é informada de que os destinos (dous no Campus de Vigo, un en Pontevedra e outro máis en Ourense) foron fixados arbitrariamente, sen lle dar as candidatas a posibilidade de elección segundo a prelación establecida.

Na tarde dese mesmo día, oito de outubro, a parte sindical contacta, a través de correo electrónico, co vicerreitor, e presidente da Comisión, para amosarlle o seu abraio polo sistema inxusto que estaba a empregar, instándolle a que os destinos se adjudicaran de acordo co sistema empregado na administración pública. Este correo foi contestado, horas máis tarde, cunha chamada telefónica polo propio vicerreitor quen nos asegurou que obraba dese xeito para non contrariar o indicado nun Fax que recibira da Dirección xeral de formación e colocación da Xunta de Galicia. Así mesmo, aseverou que de non existir este impedimento daría as candidatas a posibilidade de escoller destino e, como mostra da súa vontade para solucionar o conflito, comunicounos que, malia que cumpriría o determinado pola Consellería, procuraría unha solución axustada á cultura de selección das administracións públicas, o antes posible.

Ao día seguinte, 9 de outubro, o vicerreitor convocou as catro técnicas seleccionadas e, amais de informarlles do por que dos destinos forzosos, cumprindo o dito o día anterior, tomou nota das prazas que escollerían de seguir a orde de prelación fixada na Resolución reitoral.

O 8 de novembro, un mes despois de que o vicerreitor expresara a súa vontade de solucionar as desavinzas, a representación dos traballadores, tras intentar en balde falar con el para emprazar unha solución ao conflito, contactamos telefonicamente coa Dirección xeral de formación e colocación. Na conversa que mantivemos con José Benito Núñez López, xefe do servizo de orientación laboral da Dirección xeral de formación e colocación, informámonos, as claras, que por sistema, os destinos sempre os fixan as administracións receptoras das subvencións e que, polo tanto, ese servizo non impediu nunca que a Universidade de Vigo organizara, libremente, o seu cadro de persoal. Amosou, asemade, a súa máxima colaboración para solucionar canto antes o entorto, e como proba da súa intención comunicou que axiña se poría en contacto co vicerreitor.

O 9 de novembro, a parte sindical acude as dependencias da Vicerreitoría de relacións institucionais para intentar, de novo, atopar unha solución xusta ao problema. A resposta do

RESOLUCIÓN A6/EI
ENTRADA
LWIG041101 Nº 200700017817
15/11/2007 10:59:28

vice-reitor foi negarse a recibirnos. Ese mesmo día contactamos coas traballadoras afectadas (cunha delas non se puido contactar por atoparse de vacacións) para informarles do seu dereito a presentar un recurso perante o reitor (legalmente o 9 de novembro era o último día para poder facelo) pois o responsable político da súa situación laboral viña de romper as canles de comunicación coa parte sindical. O recurso foi presentado, a instancia nosa, pola técnica forzosamente destinada en Ourense.

O mesmo día, a representación do Comité Intercentros da conta aos delegados das seccións sindicais de CIG e UGT da situación creada polo vice-reitor.

#### O respecto as normas establecidas. A razón da participación sindical

O acceso as prazas ofertadas pola Universidade de Vigo ten que facerse, nomeadamente, respectando os principios de igualdade, de mérito, de capacidade, de legalidade, de obxectividade e de prelación. Se todos cumprimos este principios reforzaremos a confianza da comunidade universitaria, e da sociedade en xeral, na institución. Mais, se non se cumpren a desconfianza danará, no só as persoas afectadas, senón tamén, deteriorará a paz social e, por ende, á institución. De aí a necesidade de que todos observemos estas conviccións e que a Universidade de Vigo sirva con obxectividade aos intereses xerais e actúe de acordo cos principios de dereito e con sometemento ao establecido no ordenamento xurídico; só neste escenario pode darse a participación sindical nos procesos de selección ou negociación, fora del só hai preitos, conflitos e crispación.


Así e todo, a representación do persoal laboral está aberta a unha solución xusta que restableza os dereitos das nosas representadas; mais tamén a defender esta restitución a través dos medios que consideremos oportunos, dentro e fora da Universidade. A nosa man, coma sempre, segue tendida.

#### Conclusiones:

- o Ninguén da Consellería “obrigou” ao vice-reitor a cubrir arbitrariamente os postos da OFOE.
- o De cometer, por descoñecemento do método, un erro, tivo (e ten) sempre na súa man a solución xusta deste conflito.
- o A aplicación arbitraria dos destinos provoca un dano, económico e moral, a unha parte das traballadoras.
- o O recurso de reposición é o instrumento que lle queda as persoas afectadas, para que se lles restitúan os seus dereitos.
- o O marco de actuación dos sindicatos nos tribunais e comisións de selección de persoal só pode estar encadrado no estricto cumprimento da normativa vixente e con apego á cultura de selección propia dos servizos de persoal da Universidade de Vigo.
- o A representación do Comité Intercentros, malia pór en marcha distintas accións para defender o dereito das nosas representadas, amosa a súa disposición a atopar, canto antes, unha solución xusta a este conflito.

Pola representación do Comité Intercentros.

Carmen Serra Rodríguez



Manuel Velasco Graña



D. Alberto Gago Rodríguez, Reitor da Universidade de Vigo.

D. Antón Vidal Andión, Xerente da Universidade de Vigo.

D. Iván Area Carracedo, Vicerrector de Relacións Institucionais.

Dona. Isabel Diéguez Castrillón, Secretaria da Comisión de avaliación da OFOE.

D. Xosé Manuel García Vázquez, Vogal da Comisión de avaliación da OFOE: